12 MESES, PAISAXES

Dende hai 3 cursos escolares o alumnado de educación infantil e 1º ciclo de primaria do CEIP PÍO XII participa na sección "12 meses 12 paisaxes" do programa Plan Proxecta. Este programa é desenvolvido por diversas Consellerías (Educación, Territorio, Medio ambiente, etc.) da Xunta de Galicia.

As nosas actuacións centradas no Land Art, descritas en edicións anteriores de Banzo, foron motivo de seguimento por parte da Televisión de Galicia e o programa "Galicia para el mundo". A Consellería de Educación ven de concedernos un premio de Innovación Educativa que recoñece e valora a importancia da nosa iniciativa e traballo ao profesorado participante en 12 meses 12 paisaxes.

É un proxecto que vai medrando. Introducimos materiais da natureza propios das distintas estacións nas aulas (cunchas, area, pedras, paus, ramas, follas, froitos secos, terra, sementes, piñas, carozos, pétalos, frores,…). Deste xeito ábrese un abano de posibilidades de creación, experimentación, coñecemento, exploración, xeneralización,… que facilita o desenvolvemento de contidos curriculares. Entre estes contidos inclúense seriacións, xeometrías, conceptos de cantidade, clasificacións, descripcións, adquisición de léxico, achegamento aos textos descriptivos e expositivos, desenvolvemento da creatividade, etc. Todo isto vai parello á consecución dunha maior sensibilidade hacia o coidado e embelecemento da contorna, extensible ao medio ambiente.

Este curso escolar pretendemos, no marco da planificación de centro globalizada, relacionar "12 meses 12 paisaxes" co proxecto interdisciplinar e internivelar de centro "Que sabes da túa cidade?". A Alameda será o espazo onde se desenvolverán actuacións relacionadas e enmarcadas nos dous proxectos.

VOZ NATURA

Teresa Neira González. Mestra EI.

Voz Natura é un programa de La Voz de Galicia que pretende concienciar ao alumnado de todos os niveis educativos sobre o medio ambiente. Este programa iniciouse no curso 1997-1998 a través da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

A relevancia de Voz Natura é recoñecida tanto no ámbito nacional como internacional coa concesión de diversos premios e galardóns. O último premio recibido ven do prestixioso Energy Globe Award, un dos premios ambientais máis importantes a escala mundial.

Neste curso recuperamos o horto escolar ecolóxico e realizamos a primeira plantación de variedade de verduras: asa de cántara, corazón de boi, ...

Despois dos traballos de limpeza e acondicionamento o alumnado de educación infantil e 1º de primaria realizou o transplantado desde os semilleiros das verduras citadas ao invernadoiro. Os coidados de mantemento inclúen regar, retirar as malas herbas e os caracois que tanto están desfrutando coa nosa colleita.

Os produtos colleitados neste trimestre pretendemos donalos a un comedor social en datas próximas á celebración do Día da Paz. Compartir o froito do noso traballo con aquelas persoas que tanto o necesitan, no momento social e económico que nos toca, parécenos unha reflexión necesaria e importante para compartir co alumnado.

O traballo co horto continuará todo o curso escolar. No segundo trimestre realizaremos semilleiros de hortalizas e no terceiro pasarémolas ao invernadoiro. Incitados polo traballo no horto efectuamos tamén unha plantación de landras de sobreira nas aulas. Xa xerminaron e bríndannos unha boa oportunidade para observar e documentar o proceso de crecemento das árbores. Atopar un espazo axeitado para transplantalas suporá todo un reto.